PRODUTO · SUITE TIIVII

tiivii mixer

Unha mesa de produción profesional que vive no navegador.

Realiza o evento en remoto, con ou sen IA, desde calquera sitio con conexión.



cinfo

O RETO

Non todos os eventos caben nunha produción totalmente automática

Hai eventos que necesitan criterio humano: unha entrevista, unha homenaxe, un directo con convidados ou unha competición de alto nivel. E levar un equipo de realización a cada un é inviable.

01

A unidade móbil non escala

Cada produción enriquecida esixe camión, equipo e desprazamento, e só se pode estar nun sitio á vez.

02

O talento está disperso

Realizadores e locutores non viven onde se xogan os partidos, e viaxar consome a maior parte do orzamento.

03

Fontes incompatibles

Cámaras de distintos fabricantes, móbiles e sinais externos que non se sincronizan entre si.

QUE É

Unha mesa de produción na nube, accesible desde o navegador

tiivii mixer complementa a produción automática con persoas: permite realizar un evento en remoto coas funcións dunha ferramenta de estudio profesional, e activar ou desactivar a IA en calquera momento.

- Selección e mestura de cámaras, transicións, repeticións e axuste de cor.
- Entrevistas, locutores, picture in picture e inserción de gráficos, vídeos e clips.
- Compatible con calquera fonte de vídeo ou audio, incluídos teléfonos móbiles.
- Sincronización manual de streams RTSP e SRT de fabricantes distintos.



COMO FUNCIONA

Realización remota en catro pasos

O mixer recibe todos os sinais do recinto na nube e ponos a disposición do equipo, estea onde estea.

01

Os sinais soben á nube

Cámaras do recinto, móbiles e fontes externas chegan sincronizadas ao mixer.

02

O equipo entra por web

Realizador e locutor acceden desde o seu navegador, sen instalar nada nin desprazarse.

03

Realízase o evento

Mestura de cámaras, grafismos, publicidade, repeticións e audio, coa IA como apoio.

04

Emítese en directo

O sinal realizado sae simultaneamente a todos os destinos configurados.

CARACTERÍSTICAS

As funcións dun estudio, nunha pestana do navegador

- **Mestura multicámara**

  Selección instantánea entre todas as fontes sincronizadas do evento.

- **Grafismos e publicidade**

  Inserción de rótulos, marcadores, spots, vídeos e clips durante a emisión.

- **Locución e entrevistas**

  Locutores remotos, convidados e picture in picture integrados no sinal.

- **Repeticións e highlights**

  Marcado e reprodución de xogadas destacadas sen saír do directo.

- **Axuste de cor e transicións**

  Corrección entre cámaras distintas e transicións profesionais entre planos.

- **Produción híbrida**

  A IA pode acenderse e apagarse durante o evento segundo o que ocorra.

- **Mesturador de audio**

  Control de fontes de audio do recinto, microfonía e audios externos.

- **Videoconferencia integrada**

  Participantes remotos desde Zoom, Teams, Meet ou calquera ferramenta do mercado.

BENEFICIOS

Produciónsricas sen mover un camión

01

Custo de produción menor

Sen unidade móbil, sen desprazamentos e co mesmo equipo cubrindo varios eventos ao día.

02

Mellor talento dispoñible

Realizadores e locutores traballan desde onde estean, en calquera evento do teu calendario.

03

Flexibilidade total

Automático para a rutina, manual para os partidos grandes, híbrido cando convén.

04

Curva de aprendizaxe curta

Interface web con control por teclado, rato, gamepad ou pantalla táctil.

INTEGRACIÓNS

Acepta todo o que xa tes conectado

Calquera fonte de vídeo e audio pode entrar na produción, aínda que veña de fabricantes ou protocolos distintos.

Produción automática tiivii

O mixer toma o control da produción automática cando fai falta.

Protocolos RTMP, RTSP e SRT

Mestura de protocolos nunha mesma produción, con sincronización manual fina.

Teléfonos móbiles

Calquera móbil pode sumarse como cámara adicional do evento.

Zoom, Teams e Meet

Convidados remotos incrustados no sinal emitido.

Conxuntos gráficos

Paquetes de grafismo por competición ou por cliente, xestionados desde tiivii admin.

APIs REST

Control do mixer e da axenda desde os teus propios sistemas.

MODELO DE CONTRATACIÓN

Licenza de mixer e horas de realización

Autoservizo

O TEU EQUIPO REALIZA

- Licenza de mixer cloud
- Usuarios concorrentes
- Formación inicial
- Conxunto gráfico básico
- Soporte en horario laboral

Cota anual

Realización xestionada

CINFO REALIZA POR TI

- Realizador remoto
- Locución opcional
- Grafismo personalizado
- Repeticións e highlights
- Coordinación do evento

Prezo por evento

Tempada

COMPETICIÓNS COMPLETAS

- Todo o anterior
- Calendario completo
- Equipo asignado
- Informes por xornada
- Soporte prioritario

Contrato por tempada

Modelos orientativos. cinfo pode achegar o equipo de realización e locución como servizo, ou formar o equipo do cliente para que opere o mixer.

GALERÍA


O mixer en funcionamento



Interface do mixer con todas as cámaras sincronizadas.



Realización remota dun evento multicámara.



tiivii admin: axenda de eventos e control de instalacións.

CASOS DE ÉXITO

Produción enriquecidas en remoto

TIIVII.TV

Locución e grafismo na xornada completa

Os partidos destacados de cada xornada enriquécense con realizador e locutor remotos sobre a produción automática.

https://tiivii.tv

CONCELLOS

Plenos con realización manual cando fai falta

O mixer permite alternar entre emisión automática por microfonía e realización manual con rótulos da orde do día.

https://cinfo.es

EVENTOS CULTURAIS

Concertos e galas con convidados remotos

Produción con varias cámaras, entrevistas e participantes conectados por videoconferencia.

https://cinfo.es

CINFO EN CIFRAS

Produción a escala

8

cámaras sincronizadas por produción

750

eventos producidos cada semana

0 km

de desprazamento do equipo de realización

24/7

operación e soporte dispoñibles

PREGUNTAS FRECUENTES

Dúbidas habituais sobre a produción remota

Necesito instalar software?

Non. O mixer funciona integramente no navegador, desde calquera dispositivo con acceso web e unha conexión estable.

Admite cámaras que xa teño?

Si. Calquera fonte de vídeo ou audio, de calquera fabricante, e mesmo teléfonos móbiles, poden entrar na mesma produción.

Podo mesturar produción automática e manual?

Si. A IA pódese acender e apagar durante o evento: o habitual é deixala traballando e tomar o control nas xogadas ou momentos clave.

Que pasa co audio do recinto?

O mixer inclúe mesturador de audio para a microfonía do recinto, audios externos e a locución remota.

Quen realiza, cinfo ou o meu equipo?

Como prefiras. cinfo pode achegar realizador e locutor como servizo, ou formar o teu equipo para que opere o mixer pola súa conta.

Podo inserir convidados en directo?

Si, a través das ferramentas de videoconferencia habituais (Zoom, Teams, Meet e outras), integradas no sinal emitido.

PARA QUEN

Quen produce en remoto con tiivii mixer

01

Produtoras e televisións

Cobertura de máis eventos co mesmo equipo humano e sen unidades móbiles.

02

Federacións e ligas

Partidos destacados enriquecidos sobre unha base de produción automática.

03

Concellos

Plenos e actos institucionais con rótulos, orde do día e intervenientes.

04

Organizadores de eventos

Congresos, concertos e galas con convidados remotos e varias cámaras.

FALEMOS

Proba o mixer cun evento real

Conectámonos ás túas cámaras, montamos o grafismo e realizamos contigo un evento de proba.

Solicitar unha proba

Ver o mixer en vídeo

CONTACTO

Correo

contact@cinfo.es

Teléfono / WhatsApp

+34 881 912 538

Web

https://contact.cinfo.es